

# Unha primavera máis

## Teatro Moure entra no invisíbel mundo das dramaturgas galegas

Se as reedicións non son un feito habitual da literatura galega, menos o son no eido da literatura dramática. Tampouco é normal que un texto dramático reciba tres premios de recoñecida función canonizadora, nin que unha escritora procedente da narrativa e o ensaio acadase tal éxito na súa primeira experiencia teatral, mais, por excepcional que semelle, isto é o que lle aconteceu ao texto de Teresa Moure (Premio María Casares 2009, Premio Rafael Dieste 2007, Premio AELG 2009) que no seu día puxo en escena Teatro do Atlántico coa dirección de Xulio Lago e un elenco entre o que destacaba a tamén premiada María Bouzas no papel de Aldara.

Pouco habitual é tamén a presenza de dramaturgas con “a” entre as listas de textos dramáticos premiados e representados, un mal endémico que o teatro galego hai só uns poucos anos que semella comezar a soterrar. Precisamente o xénero tampouco foi nin é un tema central dos textos teatrais do país, e esta primavera trae nese sentido un sopro de aire fresco. Se cadra con excesiva narratividade e amosando cer-

Unha primavera  
para Aldara ·  
Teresa Moure ·  
Xerais, 2009 ·  
248 páx · 10,45 euros



tas lagoas no eido da creación dramática, como a sobreabundancia de personaxes (feito que a máis sintética versión escénica confirmou) ou a excesiva carga conceptual e ideolóxica, o texto de Teresa Moure presenta unha trama argumental que pode sorprendere pola contemporaneidade coa que son tratados tanto o conflito coma os personaxes.

Un convento de monxas rexentado por Aldara recibe a visita dun cabaleiro irmandiño que prega acubillo para curar as feridas da batalla. A liberdade e emancipación feminina (e humana) que profesa a abadesa é tal que non só se permite o luxo de deixar entrar o cabaleiro en recintos interditos aos homes, senón que mesmo remata cometendo un dos máis pecadentos actos que somos capaces de imaxinar nunha monxa



*Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico // Tino Viz/Margen Fotografía

da época: acto central da acción dramática cuxa natureza reservamos para non chafar o procurado efecto da sorpresa. Con todo, si diremos a este respecto (e a modo de pista) que a autora recorre con soltura á tradición tan teatral do travestismo feminino como motor e asemade desenleante da acción dramática.

É posíbel que, igual que o punto de vista feminista e a doada resolución do conflito, esta chiscadela á intersexualidade e á liberdade de escolla sexual poida parecer inverosímil, mais debemos entender que tanto os personaxes como a acción mesma están ao servizo da forte carga ideolóxica do texto. Unha compoñente ética patente en longos diálogos expositivos nos que se debaten temas como o dogmatismo machista da Igrexa ou a lexitimidade da loita armada cando se basea nun dereito emancipador.

Por último, se algo hai que destacar e agradecer a esta *Primavera*, é o esforzo da autora por utilizar unha lingua rica e culta que dese impre-

sión de antigüidade sen perder lixeireza. Para iso fai uso do infinitivo conxugado e outros recursos propios da lingua galega que están a ser substituídos por opcións castelánizadoras (asemade, bisbar, beizón...). Un esforzo que os autores moitas veces deixan de lado e que neste caso sen dúbida pagou a pena e axuda a Teresa Moure a entrar de cheo no pequeno e pouco visíbel grupo das dramaturgas galegas, eses cristais atravesados por teatros. Un texto excepcional. // **Roi Vidal Ponte**